

REDE EUROPEA CONTRA A POBREZA

MEMORIA EAPN GALICIA 2022

www.pobreza.gal



.....	1
PRESENTACIÓN	3
INFORME VIVENDA EN GALICIA 2022 E FOMENTO DA INCLUSIÓN SOCIORESIDENCIAL	6
UNIDAS PARA A DEFENSA DOS DEREITOS	8
PARTICIPACIÓN COMO MOTOR DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL.....	12
CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN	14
EXCLUSION FINANCIEIRA.....	20
DIA DA ERRADICACIÓN DA POBREZA.....	22
PLAN ESTRATÉXICO TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL - EAPN GALICIA 2022-2025	23
APOIO ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA:	24
SANTIAGO CAPITAL ESPAÑOLA DA ECONOMÍA SOCIAL. CONSELLO ECONOMÍA SOCIAL.....	24
AXENDA SOCIAL DE GALICIA	24
BOLETÍN "EnRedeSocial"	24
MAIS REDE. INCIDENCIA E PARTICIPACIÓN.....	25

PRESENTACIÓN

A Rede Europea de Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social no Estado español da Comunidade Autónoma de Galicia (**EAPN Galicia**) é unha entidade non lucrativa e de acción social que agrupa a entidades autonómicas do Terceiro Sector implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión a través da defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión mediante a incidencia política e social.

EAPN Galicia nace en setembro de 2008 como resposta natural á necesidade de crear unha ferramenta de intervención social capaz de elaborar estratexias que incidan nas políticas sociais desenvolvidas en Galicia. Non existía daquela nin existe actualmente, ningunha outra ONG ou plataforma que realice este tipo de actuacións.

Na actualidade, EAPN Galicia, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2009/012813-1 e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5769, está constituída por 128 ONG de primeiro nivel [a través dos seus 33 socios directos](#)¹, todas elas entidades representativas de colectivos vulnerables, que unen en rede os seus esforzos para acadar sinerxías e crear unha plataforma que denuncie as desigualdades sociais, que canalice e dea voz ás demandas do sector para a súa introdución na axenda política.

Accem Galicia | Acción Contra el Hambre | Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA) | Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) | Arela | Asamblea Cooperación pola Paz (ACPP) | Asociación para a Prevención da Exclusión Social (APES) | Boa Vida Inclusión Activa | Cáritas Lugo | Cáritas Mondoñedo-Ferrol | Cáritas Ourense | Cáritas Tui-Vigo | Centro Desenvolvemento Rural O Viso | Centro Desenvolvemento Rural Portas Abertas | Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) | Ecos do Sur | Emaús Fundación Social | Federación Alzheimer Galicia (FAGAL) | Federación Autismo Galicia | Federación Down Galicia | Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) | Fundación Amaranta | Fundación Érguete Integración | Fundación Esplai | Fundación Juan Soñador | Fundación Meniños | Fundación Roncel | Fundación Secretariado Xitano | Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (Igaxes) | Médicos do Mundo | Provivenda | Saúde Mental FEAFES Galicia | Radio ECCA

EAPN Galicia está integrada nas redes EAPN (European Anti Poverty Network) tanto a nivel europeo ([EAPN Europa](#)², rede no nivel europeo que leva traballando de modo independente dende 1990) como na rede estatal [EAPN España](#)³ xunto ás redes autonómicas de todo o estado e as cidades autónomas.

EAPN Galicia é a única plataforma existente na comunidade que agrupa a entidades sociais que traballan con practicamente todos aqueles colectivos vulnerables establecidos no Artigo 3.1 da Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia. En ningún caso

¹ Entidades Miembro | EAPN Galicia - Rede galega contra a pobreza (eapn-galicia.com)

² <https://www.eapn.eu/>

³ <https://www.eapn.es/>

presta servizos directos a persoas en situación ou risco de pobreza ou exclusión, tampouco ten a posibilidade de presentarse a convocatorias de inclusión social as que xa se presenten as súas entidades membro.

Misión

"EAPN Galicia - Rede Europea Contra a Pobreza é unha organización non lucrativa, que reúne ás Entidades do Terceiro Sector de Acción Social de Galicia implicadas na loita contra a pobreza, a exclusión e a desigualdade social e de xénero. Que traballa polas mesmas causas, dende un enfoque de dereitos pola defensa dos intereses das persoas en situación ou risco de pobreza e da súa participación comunitaria plena, mediante a incidencia política e social propositiva"

Os obxectivos e actuacións de EAPN Galicia son aqueles que aseguran a unión de esforzos, a creación de sinerxías e o aumento da eficacia e eficiencia das actuacións das súas entidades membro, en especial:

- Facilitar os fluxos de información entre as organizacións do Terceiro Sector e contribuír á formación dos seus diversos axentes.
- Contribuír a analizar a realidade da pobreza e a exclusión social e reflexionar sobre as súas causas e sobre as propostas para a incidencia das mesmas, promovendo estudos e investigacións, así como xornadas, seminarios e foros de reflexión e análise.
- Incidir nas políticas sociais desenvolvidas en Galicia, dende o ámbito europeo e estatal ata o local, con especial incidencia nas políticas deseñadas e executadas pola Xunta de Galicia.
- Defensa do Terceiro Sector de Acción Social como actor imprescindible no sistema de servizos sociais. Fomento dun diálogo civil normalizado e estable e recoñecemento do seu orixe non lucrativo na contratación pública.
- Potenciar a transparencia e mellora da xestión do sector, desenvolvendo unha estratexia de calidade e responsabilidade das organizacións, así como recompilando e transferindo as boas prácticas identificadas.
- Facilitar a participación das persoas en risco de pobreza ou exclusión social nas entidades membro e diante das diversas administracións públicas.
- Sensibilizar ao conxunto da sociedade e corresponsabilizar aos axentes clave, en particular Administracións Públicas e empresas, sobre as cuestións relativas á inclusión social a través de diferentes iniciativas, como a responsabilidade social corporativa.

No 2022 foi notable o crecemento experimentado por EAPN Galicia derivado da demanda das súas organizacións membro e do seu papel como interlocutor diante de todo tipo de administracións públicas galegas en todos os eidos relacionados coa inclusión social.

Actualmente mantense unha comunicación estable coas Consellerías de Política Social, Infraestruturas e Vivenda e, Economía, Emprego e Industria. Tamén coa Secretaria Xeral de Igualdade e coas Consellerías de Facenda e Medio Rural ao ser EAPN membro do Comité de Seguimento do Fondo Social Europeo Galicia 2014 - 2020 e do FEADER Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020 e dende 2023 do FEDER e FSE+.

EAPN Galicia tamén é membro do Consello Galego de Benestar, do Consello Galego de Acción Voluntaria e dende 2019 membro de pleno dereito do Consello de Economía Social, en representación das entidades do Terceiro Sector de Acción Social galego.

INFORME VIVENDA EN GALICIA 2022 E FOMENTO DA INCLUSIÓN SOCIORESIDENCIAL

Neste 2022 dende EAPN Galicia, realizouse unha intensiva e continua incidencia no fomento do acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible, fomentando espazos de reflexión e diálogo entre profesionais das Administracións Públicas, entidades do Terceiro Sector e outros axentes sociais que traballan para favorecer a inclusión das persoas vulnerables.

Realizouse un achegamento e mellora das propostas para loitar contra a exclusión residencial, actualizando datos e realizando o **'Informe de posicionamento sobre vivenda digna, axeitada e accesible 2022'**

Dito Informe pretende servir de análise da situación da vivenda en Galicia e España, e dalgunhas das casuísticas máis agravantes, así como da acción pública e medidas postas en marcha neste eido, para rematar coas propostas que dende EAPN Galicia e as súas entidades membro se consideran clave para evitar que a falta de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible, se faga aínda máis crónica.



Prioridade **1** #EmerxenciaVivenda

A exclusión residencial debe estar na primeira liña da acción política, polo que é esencial aumentar o investimento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e executalo na súa totalidade.

EMERXENCIA VIVENDA

ACTIVAR CONTRA LA POBREZA

EAPN

Outras das actividades realizadas no eido da vivenda, derivada da publicación do Pacto pola Vivenda de Galicia 2021-2025 foi o seu análise e o deseño dunha ferramenta de seguimento da súa implantación, comprobando se efectivamente as medidas de axuda están a chegar ás persoas e barrios máis vulnerables. Unha tarefa que deberá intensificarse no 2023.

Tendo como base o informe e as medidas demandadas, continuouse coa liña de incidencia política no eido de vivenda e interlocución co Instituto Galego de Vivenda e Solo e a DX de Inclusión Social. Na xuntanza do 21 de novembro de 2022

afrontáronse as seguintes liñas de actuación sobre as que se estivo traballando todo o ano dende EAPN Galicia.

- ✓ Bono Alugueiro Social, coordinación do IGVS e Política Social, novos programas que en teoría benefician a persoas en vulnerabilidade con fondos propios, MRR e/ou Plan Estatal Vivenda (accesibilidade, mocidade, rehabilitación, eficiencia enerxética, infravivenda...), etc.
- ✓ Necesidade reforzo do IGVS en persoal e fondos para poder xestionar fondos MRR e FEDER e medidas de acceso a vivenda. Confirmar compromiso coa Consellería de Facenda de que no 2024/2025 na reformulación do PO FEDER haberá fondos para acceso vivenda e dende logo eficiencia enerxética fogares vulnerables.
- ✓ Información sobre como se garante e a cantas persoas en vulnerabilidade chegan os diferentes programas dirixidos a elas, financiados con Fondos Estatais ou previstos no Pacto Social pola Vivenda 2021-2025 (accesibilidade, mocidade, rehabilitación e eficiencia enerxética, infravivenda e chabolismo, alugueiro social, etc.)
- ✓ Convocatoria dirixida a ONG para programas de captación e mediación en vivenda e inserción socioresidencial para chegar a persoas en pobreza ou exclusión. Cronograma dialogo para elaboración e publicación. Posibilidade de incorporar entidades do Terceiro Sector ao Programa de Vivendas Vivas.
- ✓ Programa de loita contra o chabolismo e infravivenda impulsado dende o IGVS como organismo da Xunta con competencia en políticas de vivenda, e coa implicación da Consellería de Política Social nos procesos de inclusión social e laboral.
- ✓ Constituír a Comisión de Vivenda prevista na Axenda Social de Galicia e a sección social do Observatorio Galego da Vivenda.

UNIDAS PARA A DEFENSA DOS DEREITOS

GRUPO TRABALLO NOVA LEI INCLUSIÓN: IMV, RISGA, TARXETA BÁSICA



Este 2022 a EAPN Galicia continuou traballando para trasladar os problemas detectados de cara a una incidencia política a nivel ministerial e o seu encaixe e coordinación coas políticas autonómicas.

Por iso, ao longo deste ano a labor do grupo centrouse no seguimento e análise da implantación do Ingreso Mínimo Vital, coa visión na modificación da Lei de Inclusión de

Galicia, así como da defensa da continuidade da prestación da Tarxeta Básica, posta en marcha no 2020, no actual contexto de empobrecemento motivado pola inflación e a suba de prezos de enerxía e combustibles e o seu impacto nos bens de primeira necesidade.

Froito deste seguimento tratáronse cuestións como o complemento no IMV de ata 100 euros por fillo a cargo menor de tres anos para familias de renda baixa, certas cuestións en relación ao IMV e as persoas migrantes en situación irregular, e a normativa relativa ás entidades sociais como mediadoras sociais no IMV.

O traballo do grupo continuou na liña dunha interlocución continuada coa Dirección Xeral de Inclusión Social en base ao documento de demandas propostas ante a modernización da Lei 10/13 Inclusión Social Galicia realizado no 2021.

PROXECTO ACCESO VITAL: “DETECCIÓN E MOBILIZACIÓN DAS PERSOAS ELIXIBLES PARA O INGRESO MÍNIMO VITAL EN SITUACIÓN DE NON TAKE-UP”

No último trimestre púxose en marcha o proxecto Acceso Vital: [**“Detección e mobilización das persoas elixibles para o ingreso mínimo vital en situación de**](#)

Non Take-Up⁴ (NTU), o cal se desenvolverá en Galicia ata o 31 de outubro do 2023, en colaboración con EAPN España e o resto de Redes Territoriais, financiado polo Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Enténdese por persoas en situación de NTU a aquelas que non acceden a unha prestación para a que compren requisitos, por diferentes razóns. Un dos **obxectivos principais do proxecto é identificar as barreiras de acceso ao Ingreso Mínimo Vital**, así como asesorar e acompañar no proceso de solicitude do Ingreso Mínimo Vital nas zonas seleccionadas para levar a cabo o proxecto. En total, prevese que participen en Galicia máis de 400 persoas elixibles para o Ingreso Mínimo Vital que non o están percibindo, e aumentar así a cobertura da prestación, que aínda non acadou os obxectivos desexados coa súa posta en marcha.

As accións realizadas no 2022 incluíron a posta en marcha do proxecto e do equipo que o vai a levar a cabo en Galicia, a proposta e definición dos territorios nos que se levará a cabo e formación sobre o proceso da investigación no deseño da investigación, a través de diferentes xuntanzas e actividades.

GRUPO TRABAJO EMPREGO E INSERCIÓN SOCIOLABORAL: CONVOCATORIAS COOPERA, POSTA A PUNTO PARA O EMPREGO E PIE.

Ao igual que outros anos, neste 2022 o grupo realizou propostas de mellora para a **Convocatoria Cooperación 2022**, con resultado positivo no xeito de asignación de prazas para contratar e a redución da discriminación entre colectivos que afecta a esta convocatoria.

No marco do programa de fomento da empregabilidade que está a desenvolver EAPN Galicia aproveitouse para facer unha incidencia específica en materia de inclusión sociolaboral. Grazas a esta labor de intermediación da Consellería de Política Social e da D.X. de Inclusión Social en particular, avanzouse na redución das dificultades para que persoas en risco ou situación de exclusión poidan acceder ao programa de Emprego.

Reducíronse tamén as dificultades burocráticas para desenvolver os itinerarios das persoas candidatas a participar, debido aos requisitos que se están a pedir desde as oficinas de emprego para o cambio da situación administrativa de suspensión con intermediación (polo inicio dun Itinerario de inserción sociolaboral na entidade). A axuda realizada en colaboración coa D.X. de Inclusión Social centrouse en cuestións


⁴ <https://eapn-galicia.com/por-que-o-ingreso-minimo-vital-non-esta-a-chegar-a-todas-as-persoas-que-tenen-dereito/>

case conceptuais sobre o que é a exclusión social, pero que afectan a todos os programas de inserción sociolaboral.

Avanzouse tamén na consideración de que os factores de exclusión enumerados no artigo 3 da Lei 10/2013, deben por si sos determinar o risco de exclusión social sen que compra acreditar tamén a ausencia ou déficit grave de recursos económicos.

Para o futuro reforzase esta liña de aprendizaxe mutua para mellorar os programas de inserción sociolaboral e loita contra pobreza, procurando que se admita nos programas a persoas con empregos precarios, é dicir, que poidan entrar nos mesmo aínda que no momento da alta teñan un contrato de poucas horas. E se terá en conta na incidencia no tramo de transición ao emprego da nova Lei de Inclusión.

PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO PARA O FOMENTO DA EMPREGABILIDADE DE PERSOAS VULNERABLES



No 2022, 14 entidades membro de EAPN Galicia comezamos un programa para o fomento da empregabilidade e a inclusión sociolaboral de persoas en situación ou risco de vulnerabilidade, froito da colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e EAPN Galicia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia impulsado pola Unión Europea e o Ministerio de Trabajo y Economía Social. Desenvolverase entre 2022 e 2023 e está dirixido a case 400 persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social, cun obxectivo de inserción laboral de cando menos un 20%

No 2022, o número de persoas participantes superou cunha ampla marxe ao das persoas comprometidas no Convenio, que eran 192. Foron un total de 292 as persoas participantes, das cales 255 remataron o seu itinerario completando todas as fases.

Todas as persoas participantes melloraron, en maior ou menor medida, a súa empregabilidade. A maior parte das que remataron o itinerario obtiveron unha ou varias titulacións de formación ocupacional que lles permitiron acceder a un traballo

ou o facilitará no futuro. Así mesmo, a formación recibida redundou no autoconhecimento das participantes, ao servirllas para ter máis claras as súas potencialidades, limitacións e preferencias.

A análise dos resultados deste primeiro ano amosa a validación da metodoloxía de traballo utilizada, en tanto que reverteu na mellora da empregabilidade e no empoderamento das persoas participantes no programa.

No marco deste proxecto, estamos a realizar unha investigación sobre as boas prácticas nos programas de inserción sociolaboral dirixidos a persoas en situación ou risco de exclusión, que transmitiremos á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a mellor abordaxe futura no tratamento da súa inserción sociolaboral.

**VALEDORÍA DO POBO. XORNADA PARTICIPACIÓN.
INFORMES EXCLUSIÓN BANCARIA E
CHABOLISMO/INFRAVIVENDA**

Organizouse un encontro coa Valedora do Pobo no que as persoas implicadas puideron prantexar as conclusións e demandas sobre exclusión financeira ou burocratización extrema acordadas no Encontro de Participación, no marco do convenio de colaboración entre EAPN e a Valedora do Pobo, co compromiso de facilitar o acceso das nosas entidades membro a esta institución.

Participouse no Encontro Galego de Participación e na presentación do informe Estado de Pobreza 2022. E se dou seguimento continuado a iniciativas e demandas no eido do acceso á vivenda e chabolismo ou exclusión bancaria.

PARTICIPACIÓN COMO MOTOR DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL

GRUPO TRABAJO PARTICIPACIÓN PERSOAS EN POBREZA OU EXCLUSIÓN

O Grupo de Participación traballa de xeito transversal en tódalas actuacións levadas a cabo pola rede, coa fin de fomentar a participación plena das persoas en risco de exclusión social nas entidades membro, na loita polo cumprimento dos seus dereitos.

Está integrado por profesionais e voluntarias das entidades membro: Accem, APES, Asamblea de cooperación pola paz, Boa Vida Inclusión Activa, Cáritas Tui - Vigo, Cáritas Mondoñedo - Ferrol, COGAMI, Down Galicia, Federación Alzheimer Galicia, Fundación Amaranta, Fundación Érguete-Integración, Fundación Esplai, Fundación Juan Soñador, Fundación Ronsel, Emaús Galicia, Médicos do Mundo e Provivienda.



Neste 2022, retomouse a presencialidade das xuntanzas, organizando na primeira o Conversatorio **“Libros que derriban muros: identificación de discursos racistas, xenófobos e de aporofobia”** desenvolvido por Yosehanna Ledesma, de ACCEM Galicia e Coordinadora do Grupo.

Entre as principais actividades do grupo destaca a organización do **“XIII Encontro de Participación para o Desenvolvemento de Propostas e Cambio Social”** e a participación efectiva no **“XV Encuentro de Participación Estatal”**.

XIII ENCONTRO GALEGO DE PARTICIPACIÓN E APOIO DELEGACIÓNS ENCONTRO ESTATAL E EUROPEO



O 30 de xuño e baixo o lema “**STOP Violencia administrativa!**”⁵ celebrouse en Santiago de Compostela o Encontro de Participación social. O evento de referencia en Galicia de participación de persoas en risco ou situación de pobreza e exclusión social.

Neste 2022 o tema central deste ano foi a violencia administrativa ou a aporofobia e a burocratización extremas como xeito de vulneración de dereitos das persoas vulnerables.

Durante toda a xornada, as persoas asistentes traballaron en grupos reducidos o xeito en que estas cuestións afectan na vida diaria e, sobre todo, cales son as propostas para que estes dereitos sexan garantidos. Así, dende EAPN Galicia, elaborouse un documento de propostas e conclusións, exposto no Día Internacional para

a Erradicación da Pobreza no marco do acto celebrado coa Valedora do Pobo.



⁵ <https://eapn-galicia.com/stop-violencia-administrativa-o-encontro-galego-de-participacion-social-xa-esta-en-marcha/>

CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN

CAMPAÑAS COMUNICACIÓN ONLINE E EXPOSICIÓN #EMERXENCIAVIVENDA #POBREZAGALICIA #APOROFOBIABANCARIA E EXCLUSIÓN FINANCEIRA

Debido á gravidade da situación en Galicia en relación á vivenda, as redes EAPN de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social en toda España e as súas máis de catro mil entidades membro lanzaron no 2021 a **Campaña #EmerxenciaVivenda** que, coordinada dende Galicia, pretende chamar a atención sobre a emerxencia residencial e habitacional na que viven máis de 11 millóns de persoas en España. Unha problemática á que apenas se lle ten dado resposta nos últimos anos dende as administracións públicas.



En Galicia tivo un especial éxito e nesta liña seguíuse impulsando no 2022, tanto en redes sociais como poñendo en marcha o [concurso de fotografía #EmerxenciaVivenda](#)⁶, dentro desta campaña, co obxectivo de amosar a realidade da exclusión residencial en Galicia.

Con respecto á **exclusión financeira e a aporofobia bancaria**, tal e como comentábamos en puntos anteriores, este 2022 estivo marcado pola investigación do impacto das prácticas bancarias nas persoas en pobreza. Así, a EAPN denunciou nas redes sociais distintas situacións persoais de persoas beneficiarias de rendas mínimas en relación coa atención e servizo que reciben dende as entidades bancarias. Leváronse a cabo dúas xornadas online e difundíronse baixo os lemas das **campañas #AporofobiaBancaria e #InclusionFinanceira**.

De xeito máis continuado ao longo do ano, utilizouse o hashtag **#PobrezaGalicia** co obxectivo de visibilizar a loita contra a pobreza e a exclusión social no marco de accións concretas en días e actos de interese para rede. Como por exemplo a publicación do Informe "O Estado da Pobreza en Galicia 2022".

⁶ <https://eapn-galicia.com/participa-no-concurso-de-fotografia-emerxenciavivenda-e-axudanos-a-reclamar-vivendas-dignas-e-accesibles/>

GRUPO TRABAJO COMUNICACIÓN

Co obxectivo de chegar á poboación en xeral, o Grupo de Comunicación de EAPN Galicia estivo a traballar en campañas de sensibilización que dean visibilidade ás causas da pobreza e da exclusión social.



Durante este 2022, a maior parte das actividades do grupo estiveron enfocadas nas redes sociais. Desde o discurso común de tódalas entidades do Terceiro Sector, realizáronse accións nas campañas #AporofobiaBancaria, #InclusionFinanceira,

#EmerXenciaSolidaria, #PobrezaGalicia e #EmerxenciaVivenda.

Froito deste traballo en rede de fomento da comunicación, ten sentido o notable éxito de presenza en medios de comunicación de EAPN Galicia e as causas que se defenden dende as entidades membro. So a título de exemplo as seguintes:

- [A pobreza en Galicia en tempos da COVID, que estratexias se están seguindo?](#). Galicia Confidencial
- [EAPN advierte de la "exclusión financiera" de "millones de familias" y pide medidas contra la "aporofobia bancaria"](#). Europa Press
- [Entidades sociales piden regular el acceso financiero, no solo buena voluntad](#). Cope
- [La Xunta apuesta por coordinar la acogida de refugiados a través de los servicios sociales municipales](#). Galicia Press
- [Entrevista a Xosé Cuns sobre pobreza](#). La Ventana de Galicia
- [La Rede Galega contra a Pobreza aplaude las medidas del Gobierno aunque las considera paliativas](#). Cadena Ser
- X Solidaria <https://www.elcorreogallego.es/galicia/s-o-s-a-610000-gallegos-su-x-solidaria-en-el-irpf-no-les-cuesta-nada-y-ayudara-mucho-El10904312>
- Encontro de Participación <https://www.galiciapress.es/articulo/ultima-hora/2022-06-30/3811178-personas-situacion-exclusion-claman-contra-maltrato-administrativo-advienten-no-queremos-caridad>
- 13% da poboación galega non se pode permitir manter a vivenda a unha temperatura adecuada <https://praza.gal/economia/o-13-da-poboacion-galega-non-se-pode-permitir-manter-a-vivenda-a-unha-temperatura-adecuada>
- [Alugueiro de vivendas en Galicia](#). Entrevista a Daniel Bóveda
- RISGA e IMV. ["El número de beneficiados de la risga en la provincia de A Coruña bajó un 38 % en el 2021"](#)
- [25'2% da poboación galega estaba en risco de pobreza ou exclusión social](#). Onda Cero

- [traballo xa non garante fuxir da pobreza](#). Cadena Ser
- [índice de pobreza crece en Galicia crece nas mulleres e alcanza o 34% en nenos e xoves](#). La Voz de Galicia
- [A Tarxeta Básica, retirada pola Xunta, salvou da pobreza a miles de galegos, polo que piden recuperala](#). Galicia Press
- [Dende EAPN Galicia chaman a recuperar medidas como a Tarxeta Básica contra a emerxencia da inflación](#). Diario de Pontevedra
- [A Rede Galega de Loita Contra a Pobreza pide á Xunta recuperar a Tarxeta Básica suprimida tra-la pandemia](#). Praza
- [As medidas sociais pola pandemia evitaron a 127.000 galegos entrar en risco de pobreza](#). Faro de Vigo
- [índice galego de pobreza aumenta en mulleres e nenos](#). Atlántico Diario
- [As medidas sociais pola pandemia evitaron que 127.000 galegos entrasen en risco de pobreza](#). La Vanguardia
- [As políticas sociais pola Covid evitaron que 127.000 galegos caesen na pobreza](#). ABC
- [Cae a pobreza, menos para as mulleres](#). Nós Diario
- [As medidas sociais pola pandemia evitaron que 127.000 galegos entrasen en risco de pobreza](#). El Ideal Gallego
- [As medidas sociais pola pandemia evitaron que 127.000 galegos entrasen en risco de pobreza](#). Diario de Arousa
- [As medidas sociais pola pandemia evitaron que 127.000 galegos entrasen en risco de pobreza](#). Diario de Ferrol
- [As medidas sociais pola pandemia evitaron que 127.000 galegos entrasen en risco de pobreza](#). El Español
- [Mais de medio millón de galegos viven por debaixo da liña da pobreza](#). El Diario
- [Unha de cada seis persoas con traballo é pobre](#). La Verdad Digital
- [Xosé Cuns Traba Director de EAPN-Galicia intervéñ no programa 388 #ConLaCasaEnLaMochila para falar de pobreza e senfogarismo](#). Radio Topo
- [Debate presupostos galegos 2023: críticas ás rebaixas fiscais e demasiado optimismo segundo o PDdG](#). El Español
- [Formoso ve os orzamentos da Xunta "optimistas" cun 25% de persoas en risco de pobreza](#). Galicia C Confidencial
- [Formoso califica de «demasiado optimistas» los Presupostos con uno de cada cuatro gallegos en riesgo de pobreza](#). La Voz de Galicia
- [Formoso tacha os presupostos da Xunta de "demasiado optimistas" fronte ao 25% de galegos en risco de pobreza](#). Europa Press
- [Formoso reclama a recuperación da tarxeta básica e denuncia que a Xunta deixe "abandonados" aos concellos coa dependencia](#). PSdeG-PSOE
- [Un novo bono ás familias e recuperar a Tarxeta Básica, enmenda do BNG aos Presupostos](#). El Correo Gallego
- [Pontón promove recuperar a tarxeta de alimentos e subir as pensións non contributivas 100 euros ao mes e non 14,50 ao ano](#). Praza

- [BNG reclama unha rede de protección social con máis vivenda pública e o novo bono a familias.](#) La Voz de Galicia

No remate do 2022, o grupo está conformado por profesionais ou voluntarias das entidades membro: Arela, Austismo Galicia, Cáritas Tui - Vigo, COGAMI, Down Galicia, Ecos do Sur, Federación Alzheimer Galicia, FEFES, FEGADACE, Fundación Érguete-Integración, Fundación Juan Soñador, Fundación Meniños, IGAXES, Médicos do Mundo e AGARESO.



CAMPAÑA X SOLIDARIA #EMERXENCIASOLIDARIA #EMPRESASCONIMPACTO

Un ano máis, as organizacións de acción social galegas visibilizaron a importancia de marcar a casa de Fins Sociais na Declaración da Renda coa Campaña X Solidaria 2022, no marco da campaña Estatal.

Baixo as etiquetas [#emerXenciaSOLIDARIA](#)⁷ e [#MarcarLaXesLoNormal](#), as ONG galegas lanzaron a campaña nas redes sociais con vídeos de persoas beneficiarias de programas financiados co X Solidario.



O Terceiro Sector galego presentaba na Praza da Quintana a campaña do X Solidario, reuniu a persoas das entidades con paneis nos que podían lerse "Emerxencia Solidaria" unha situación agravada coa crise social, económica e sanitaria.

Tamén, coincidindo co inicio da campaña para a presentación do Imposto de Sociedades [#EmpresasConImpacto](#)⁸, as ONG galegas representadas por EAPN Galicia, CERMI Galicia e Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, pedimos

⁷ <https://eapn-galicia.com/x-solidario-as-entidades-sociais-galegas-piden-o-apoio-das-persoas-contribuintes-na-declaracion-da-renda/>

⁸ <https://eapn-galicia.com/as-organizacions-de-accion-social-piden-o-apoio-das-empresas-galegas-marcando-a-casina-empresa-solidaria-no-impuesto-de-sociedades-empresasconimpacto/>

a colaboración das empresas para que marcasen a Casilla Empresa e no seu Imposto de Sociedades.

DISCURSOS ALTERNATIVOS POLA TOLERANCIA E CONTRA O ODIO E A APOROFOBIA

SEMINARIO IBÉRICO APOROFOBIA E DISCURSO DO ODIO CON EAPN PORTUGAL

O 7 de abril, EAPN Portugal organizou, xunto con EAPN Galicia e EAPN-ES, o **I Seminario Ibérico sobre Aporofobia**,⁹ co obxectivo de visibilizar e analizar o impacto e as consecuencias que os estereotipos, prexuízos e discriminacións cara as persoas en situación de pobreza ou exclusión social teñen nas súas vidas.



O discurso de odio está gañando cada vez máis espazo na sociedade, repercutindo negativamente no exercicio da cidadanía por parte de persoas que se atopan en situación de pobreza e exclusión social. As diferentes poñentes e persoas expertas analizaron as medidas que se están levando a cabo por parte das entidades sociais e as administracións públicas en ambos países para enfrontar esta situación.

PARTICIPACIÓN EN EVENTOS LOITA CONTRA A POBREZA, PREXUÍZOS E APOROFOBIA



Coa idea de transmitir a importancia de loita contra a pobreza e a exclusión social, os prexuízos e a aporofobia a EAPN Galicia realizou charlas informativas en diferentes universidades e centros educativos.

Nas respectivas charlas tratábanse temas coma a aporofobia, a inclusión sociolaboral, o xeito de comunicar sen discriminar, o AROPE e as saídas profesionais nas entidades do

⁹ <https://www.eapn.es/noticias/1502/i-seminario-iberico-sobre-aporofobia>

Memoria Resumo EAPN Galicia 2022

Terceiro Sector galegas, as habilidades que se buscan e as recomendacións que lles fan as persoas en pobreza ou exclusión.

Deste xeito, ao longo do 2022 EAPN Galicia levou a cabo diferentes charlas e ponencias en centros educativos como os seguintes:

- ✓ IES Arzobispo Xelmírez I.
Dúas charlas no centro e visita do alumnado para realización entrevista 'Fracturas contra a desigualdade'
- ✓ USC - Escola Universitaria de Traballo Social
- ✓ UVigo - Facultade Traballo Social Ourense
- ✓ Charla Fundación Escola de Relacións Laborais A Coruña
- ✓ Ciclo superior Integración Social Santiago



EXCLUSION FINANCIERA

SEMINARIO "INCLUSIÓN FINANCIERA: ¿ENFOQUE DE DERECHOS O APOROFOBIA BANCARIA?". INCIDENCIA ABANCA E OUTRAS ENTIDADES BANCARIAS

O 9 de febreiro, EAPN-Es xunto a EAPN Galicia, organizaron a [xornada 'Inclusión financiera: ¿enfoque de derechos o aporofobia bancaria?'](#)¹⁰, onde se presentou o [informe 'Inclusión financiera para el desarrollo sostenible, un enfoque de derechos en el proceso de reconstrucción post pandemia'](#)¹¹, a primeira investigación específica sobre as principais causas das dificultades financeiras atopadas polos fogares no contexto de crise social e económica derivada da pandemia, analizando a xestión dos recursos a situación de endebedamento das persoas, o acceso á banca e aos servizos bancarios, así como problemas como a perda de servizos nas zonas rurais.

Graciela Malgesini, coordinadora da investigación xunto a Siara Sánchez, destacaron que máis de 37 millóns de persoas carecen de acceso en toda Europa a servizos financeiros formais e están en situación de exclusión financeira (un millón en España). Só Dinamarca e Finlandia, teñen o 100% da poboación totalmente incluída no sistema financeiro.

Segundo o INE, no 2021, o 35,4% da poboación non podía afrontar un gasto imprevisto de 650 euros, o 45,1% chega con algunha ou moita dificultade a fin de mes e o 12,2% ten atraso no pago dos gastos da vivenda habitual.

A pandemia agravou a situación de "estrés financeiro" (fogares

#AporofobiaBancaria #InclusiónFinanciera

APOROFOBIA BANCARIA

As persoas en exclusión financeira e bancaria demandan

1

Eliminación de comisións bancarias se non supera un limiar de ingresos mínimos.

2

Obriga para os bancos da apertura dunha conta bancaria a calquera persoa sen posibilidade de poder rexeitar dita apertura, así como poder cerrala en calquera momento sen comisión.

3

Eliminar o trato discriminatorio a persoas migrantes ou en situación de pobreza nos oficios bancarios.

4

Eliminación do cepo bancario preventivo en sancións de calquera tipo de administración pública.

5

Eliminación da burocracia excesiva á hora de abrir unha conta bancaria.

6

Evitar a falta de información e transparencia á hora de contratar calquera tipo de produto bancario.

7

Que as Administracións poñan freo a políticas financeiras abusivas, evitando ademais que os bancos apliquen cobros indebidos.

8

Obrigación de manter servizos mínimos bancarios en cada poboación, independentemente do número de habitantes polo menos 5 días á semana.

9

Revisión periódica dos arquivos de morosidade, evitando a negativa indiscriminada de financiación ás persoas que o necesitan.

10

Permitir o control dos nosos datos persoais e configuración da privacidade nas contas bancarias.

¹⁰ <https://eapn-galicia.com/enfoque-de-dereitos-compromisos-medibles-e-coordinacion-entre-xunta-concellos-e-organizacions-do-terceiro-sector-claves-da-nova-axenda-social-de-galicia-copy/>

¹¹ <https://www.eapn.es/publicaciones/453/inclusion-financiera-para-el-desarrollo-sostenible-un-enfoque-de-derechos-en-el-proceso-de-reconstruccion-post-pandemia>

obrigados a usar os seus aforros ou a pedir cartos prestados ao carecer de renda dispoñible) na que vive o 7,3% da poboación en España (1.329.863 fogares).

A partires deste informe iniciouse unha liña de incidencia con entidades bancarias como ABANCA e a intensidade da colaboración coa Valedora do Pobo ou o Instituto Galego de Consumo.

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO. INTERLOCUCIÓN E OBRADOIRO CONTAS PAGO BÁSICAS

O 5 de outubro, o Instituto Galego do Consumo e a Competencia e EAPN Galicia organizaron o **seminario online 'Asegurando a inclusión bancaria e financeira'**.

Tratouse dunha xornada gratuíta e puramente práctica, impartida por profesionais expertas da Escola Galega de Consumo e orientada a dar claves e resolver dúbidas ás profesionais ou voluntarias de entidades do Terceiro Sector diante das entidades bancarias ou financeiras sobre aqueles problemas ou conculcación de dereitos das

persoas en pobreza ou exclusión social coas que traballan. Nunha primeira parte facilitouse información sobre a normativa de contas de pago básicas, comisións bancarias abusivas, etc. E a segunda centrouse en como afrontar o sobreendebedamento: tarxetas revolving, microcréditos, créditos rápidos, etc.



Esta actuación enmarcouse na campaña #AporofobiaBancaria contra a exclusión financeira coa que se pretende dar resposta ás constantes denuncias de persoas en vulnerabilidade na súa relación con moitas entidades bancarias: cargando comisións abusivas, negando o dereito a unha conta gratuíta ou embargando contas a perceptoras de rendas mínimas.

DÍA DA ERRADICACIÓN DA POBREZA

INFORME ESTADO POBREZA 2022

O 17 de outubro, Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, é unha das datas chave no calendario de actividades de EAPN Galicia. Este ano, as accións da rede

foron encamiñadas á publicación dos novos datos de pobreza en Galicia, a través da presentación do informe anual **'O Estado da pobreza en Galicia 2022'**¹²



Este documento revela que 678.000 persoas, o 25,2% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social (AROE) no 2021, 4.000 menos que o ano anterior.

Os datos reflicten o impacto da pandemia polo COVID 19 pero tamén o relativo éxito das medidas de choque contra a pobreza tanto a nivel estatal como na Xunta, concellos e organizacións do

Terceiro Sector de Acción Social.

Avánzase na meta do Plan Estratéxico Galicia 2022-2030 de reducir no 2030 ao 14% a taxa AROE. Sempre que non se free o esforzo orzamentario contra os efectos da crise motivada pola inflación e o aumento de prezos.

DÍA ERRADICACIÓN DA POBREZA: ACTO VALEDORA DO POBO E PARLAMENTO

O informe **'O Estado da pobreza en Galicia 2022'** presentouse nun acto xunto á Valedora do Pobo de Galicia, María Dolores Fernández Galiño e representantes de grupos parlamentarios, plataformas do Terceiro Sector de Acción Social e entidades membro de EAPN Galicia.

A presidenta de EAPN Galicia, Eloína Ingerto, alertou do agravamento das dificultades de acceso a unha vivenda digna e accesible e a obriga de *"cumprir compromisos como o de rematar co chabolismo e a infravivenda, asegurar que os orzamentos de accesibilidade, aillamento térmico ou rehabilitación chegan ás persoas mais vulnerables, reforzar con fondos propios o orzamento do Instituto Galego de Vivenda e Solo para que poida multiplicar o seu esforzo ou asegurar a implicación e coordinación con concellos e organizacións do Terceiro Sector"*.

¹² <https://eapn-galicia.com/es/las-medidas-de-politica-social-del-gobierno-y-la-junta-evitaron-que-127.000-gallegos-cayeran-en-la-pobreza-con-covid-19-por-que-parar/>

"A emerxencia é agora, e as dificultades para mercar produtos de primeira necesidade, sobre todo de alimentación, tamén. Nunca se felicitará dabondo á Xunta de Galicia pola implantación da Tarxeta Básica. Por que frear? Se



sabemos que funciona, por que non poñela de novo en marcha asegurando a implicación orzamentaria dos concellos e reforzando o seu papel como primeiro paso nos procesos de inclusión social e acceso ao emprego?".

PLAN ESTRATÉXICO TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL - EAPN GALICIA 2022-2025

No 2022 actualizouse o Plan Estratéxico de EAPN Galicia co horizonte 2022 a 2025. Este proceso viuse atrasado os anos anteriores por mor da pandemia pero finalmente concluíu, para ter en conta as prioridades da rede para o futuro e deste xeito poder



construír de forma conxunta. Para isto contouse cunha consultaría externa contratada especificamente.

Para levar a cabo esta actualización do Plan realizáronse diferentes tarefas como foi a elaboración dunha consulta a entidades para valorar os avances do plan anterior e identificación de

necesidades de axuste, para poder deste xeito sistematizar a información e consolidar as propostas, así como a actualización do DAFO da rede.

Aproveitando a primeira Asemblea de EAPN Galicia 2022, organizouse un encontro presencial no que, a través de grupos de traballo, poñer en común toda esta información e trasladárllela á Consellería de Política Social.

APOIO ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA: SANTIAGO CAPITAL ESPAÑOLA DA ECONOMÍA SOCIAL. CONSELLO ECONOMÍA SOCIAL

As entidades do Terceiro Sector Social, asociacións e fundacións, forman parte esencial do tecido da Economía Social e Solidaria, como así se recoñece na normativa galega de aplicación. Durante o 2022 incrementáronse notablemente as actuacións de colaboración e creación de rede tanto co Foro de Economía Social de Galicia (Foro ESGAL) como coas distintas familias que a compoñen e aproveitando a oportunidade de que Santiago de Compostela sexa durante 2022 a capital española da economía social e solidaria

Comezando pola entrada en EAPN Galicia da Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA) pero con colaboracións constantes co Foro da Economía Social de Galicia (ESGAL), a difusión Primeiro Estudo sobre o Impacto Socioeconómico dos Principios e Valores da Economía Social Galega; a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA) para fomentar a inserción sociolaboral no eido rural (participación no congreso o 29.11.22) e mesmo a publicación do artigo [Formación e arraigo, claves para traballar nunha explotación agrogandeira](#)¹³ no boletín desta entidade.

AXENDA SOCIAL DE GALICIA

A principios do 2020 comezabamos o proceso para elaborar da nova Axenda Social Única de Galicia 2020-2023 entre Xunta, FEGAMP e EAPN Galicia. Dito proceso quedou paralizado por mor da pandemia e neste 2022 continuouse coa elaboración da [Nova Axenda Social Única de Galicia](#)¹⁴ que foi aprobada a finais de 2021.

No 2022 o traballo baseouse no seguimento dos compromisos da Axenda, así como na actualización e adaptación á nova realidade das propostas e demandas feitas pola rede e complementándoas coas que xa se realizaran durante o Estado de Alarma.

BOLETÍN "ENREDESOCIAL"

O boletín informativo quincenal EnRedeSocial, que xa leva implementado desde o 2018, seguiu este 2022 con información de interese no eido da acción social e defensa de dereitos, así como das actividades desenvolvidas desde as ONG de acción social e de cooperación.

Ao remate deste ano, se editaron 22 números. Co interese e utilidade que suscita EnRedeSocial, as persoas subscritoras aumentaron ata as 1472.

¹³ <https://agaca.coop/formacion-e-arraigo-claves-para-traballar-nunha-explotacion-agrogandeira/>

¹⁴ <http://eapn-galicia.com/ambicion-compromisos-medibles-e-coordinacion-entre-xunta-concellos-e-deputacions-e-as-organizacions-de-accion-social-na-nova-axenda-social/>

MAIS REDE. INCIDENCIA E PARTICIPACIÓN

GRUPO TRABALLO FONDOS ESTRUTURAIS (PO FEDER E FSE 2021-2027); NEXT GENERATION E MRR

Neste 2022 continuouse na liña de realizar un seguimento e analizar a documentación e compromisos dos Comités de Seguimento nos que EAPN está presente: Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020 e do FEADER Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020. Deste xeito, participouse nas reunións de seguimento e aportacións de cara ao novo período de financiamento comunitario (2021-2027), ampliando a presenza de EAPN ao seguimento do FEDER.

Realizouse un traballo específico de elaborar documentos de propostas para os novos Plans Operativos do FSE + 2021-2027 e FEDER 2021-2027 asegurando o consenso con CERMI Galicia e Plataforma de Infancia de Galicia. Mantivéronse reunións informativas sobre os Fondos Next Generation ca Consellería de Facenda e Administración Pública e a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, con presenza da Secretaria Xeral do IGVS e as Consellerías de Política Social de Emprego e Igualdade.

Tamén se realizou un seguimento e potenciáronse os diferentes programas desenvolto por entidades do Terceiro Sector de Acción Social galego a cargo dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, dirixida a *"identificar proxectos ou iniciativas que contribúan a desenvolver as liñas estratéxicas de actuación no ámbito social en Galicia"*.

GRUPO AD HOC PLAN CHOQUE CONTRA POBREZA EN FAMILIAS MONOPARENTAIS

O obxectivo prioritario das aportacións no eido de familias monoparentais é loitar contra a pobreza naquelas familias con nenas e nenos dada a especial gravidade da súa situación actual en Galicia e a nivel Estatal.

Neste 2022 incrementouse a incidencia para asegurar que se cumpre o establecido na Lei de Impulso Demográfico: o decreto que regulará o primeiro Rexistro de Familias Monoparentais de Galicia e o Plan de Loita contra a pobreza en familias Monoparentais.



Froito desta incidencia foron o impulso da Asociación de Familias Monoparentais de Galicia (FAGAMOS) na súa asemblea do 21 de abril e a incidencia directa coa S.X. de Igualdade e o Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica cunha ponencia específica (29.06).

No 2023 incrementárase notablemente a incidencia ante a escasa preocupación que se detecta na Xunta de Galicia sobre este preocupante problema.

OBRADOIRO MULLER EN MEDIO RURAL E FENDA DIXITAL



O 6 de maio, xunto ao Centro de Desenvolvemento Rural (CDR) Portas Abertas e coa colaboración de COGAMI e Acadar, organizouse un [grupo de diálogo coa Asociación de Mulleres Rurais de Medeiros \(Monterrei, Ourense\) e con mulleres de Allariz e Taboadela](#)¹⁵, no marco do programa MIRADAS de EAPN España no que se busca diagnosticar a presenza e

demandas das mulleres que viven en zonas rurais en relación coas tecnoloxías da información e as comunicacións.

O obxectivo do estudo é investigar sobre o acceso a Internet no rural; que uso se fai do mesmo e que problemas ou necesidades se teñen. Procurando coñecer a experiencia e demandas das mulleres. Así como falar das oportunidades que existen

¹⁵ <https://eapn-galicia.com/sen-xeito-nin-dereito-asi-afrontan-as-mulleres-de-medeiros-a-fenda-dixital-rural-e-de-xenero/>

e elaborar propostas e recomendacións adaptadas ás realidades das zoas rurais das CCAA e das mulleres afectadas pola fenda dixital e de xénero.

OUTRAS ACTUACIÓNS DE INCIDENCIA POLÍTICA SOBRE NORMATIVA XURÍDICA DE APLICACIÓN.

Ao longo do 2022 foise traballando sobre diferentes cuestións nas que se levaron a cabo accións de incidencia sobre normativa xurídica de aplicación.

Ademais do apoio continuado de reforzo das actuacións (Lei inclusión, implantación IMV, etc) e análise de convocatorias de aplicación (IRPF, Inclusión, etc.) realizáronse actuacións de loita contra a exclusión financeira, reforzando o labor do Instituto Galego de consumo e a Valedora do pobo, en especial no referente á implantación do RD 164/2019 de Cuentas de pago básicas y Exclusión financiera

Tamén se realizaron actuacións de reforzo e xustificación de normativa de aplicación no fomento da empregabilidade de persoas en situación ou risco de pobreza ou exclusión social ou mesmo de inserción socio residencial.

Realizouse tamén proposta de programa de Tarxeta Inclusión para emerxencia social 2022, como evolución do anterior programa de Tarxeta Básica.

INFORME NECESIDADES FORMATIVAS ENTIDADES MEMBRO



No 2021 analizáronse as necesidades formativas do persoal técnico, directivo e voluntario das entidades do Terceiro Sector de Acción Social que loitan contra a pobreza e a exclusión social. A través de toda a información obtida, neste 2022, EAPN Galicia rematou a elaboración do Informe ***"Necesidades formativas do voluntariado, persoal técnico e directivo do Terceiro Sector de Acción Social que loitan contra a Pobreza e a Exclusión Social en Galicia"***.

Dito informe, ten co obxectivo de proporcionar unha ferramenta que permita ás entidades da EAPN, así como ao persoal laboral e voluntario que as compoñen, mellorar a xestión das súas necesidades

formativas.

SEMINARIO IMPACTO REFORMA LABORAL NO TERCEIRO SECTOR

A reforma laboral ten unhas implicacións notables e en moitos casos descoñecidas tanto no aumento dos custos laborais nas entidades como para poder cumprir os requisitos de inserción laboral dos programas en marcha.

O 24 de marzo EAPN Galicia, en coordinación coa [Fundación Esplai](#) [Cidadanía Comprometida](#),¹⁶ organizaron o [Seminario online: 'Como afecta a Reforma Laboral ás entidades do Terceiro Sector?'](#)¹⁷



co obxectivo de coñecer como afecta ás entidades do Terceiro Sector e as súas implicación nos diferentes programas de inserción sociolaboral de persoas en vulnerabilidades. Esta actividade celebrouse no ano en que **Santiago de Compostela é a capital española da economía social**.

Tratouse dunha xornada técnica, orientado á resolución de dúbidas e dirixido fundamentalmente a **persoal directivo ou xerencias de entidades do Terceiro Sector**, aínda que aberta a outras profesionais interesadas.

INFORMACIÓN COVID. REPARTO MÁSCARAS SANITARIAS A ENTIDADES ACCIÓN SOCIAL

Neste 2022, EAPN Galicia, en coordinación con EAPN España rematou de repartir entre as entidades de acción social galegas ás 162.000 máscaras que foron cedidas polo Ministerio de Sanidade a través da Delegación do Goberno para as persoas en situación de vulnerabilidade. Este novo reparto súmase aos catro anteriores acadando un total de 623.000 máscaras e que xa foron distribuídas dende decembro de 2020.

O reparto das máscaras que chegou ás persoas beneficiarias de programas e proxectos fíxose a través de 35 entidades integradas en EAPN. Por exemplo; a través de Ecos do Sur protexéronse a 800 persoas inmigrantes e emigrantes retornadas, con Accem chegouse a 300 persoas refuxiadas e inmigrantes, a Federación Alzheimer

¹⁶ <https://fundacionesplai.org/tercer-sector/gestion-del-tercer-sector/>

¹⁷ https://eapn-galicia.com/reforma_laboral_terceiro_sector/

Galicia permitiu sumar 200 persoas beneficiarias, Autismo Galicia protexeu a 166 persoas con autismo e as súas familias, a Fundación Juan Soñador a 1000 mozos e mozas e a Confederación Galega de Discapacidade- COGAMI chegou a outras 6.000 persoas máis.

Pero moitas máis entidades como Acción Contra a Fame, Amaranta, Arela, Boa Vida, CDR O Viso, CDR Portas Abertas, Down Galicia, Emaús, Fundación Érguete, Feafes, Fegadace, Igaxes, Médicos do Mundo, Meniños, MPDL, Provivienda, Radio ECCA, Fundación Ronsel e Fundación Secretariado Xitano tamén contaron coas súas caixas de máscaras para repartir entre as persoas en situación de vulnerabilidade.

**RECOÑECIMIENTO TSAS E FOMENTO TRABAJO EN REDE
CON CERMI E PLATAFORMA DE INFANCIA. LEI DIALOGO CIVIL
DE GALICIA.**

A realización da proposta Lei de diálogo civil. pretende recoñecer e reforzar o papel das organizacións do Terceiro Sector de Acción Social (TSAS) no sistema público de servizos sociais e que normativice a súa participación efectiva nos procesos de interlocución política e normativa.

Durante o 2022 continuouse na liña de reforzo do papel das entidades sociais no sistema de servizos sociais, así como a colaboración con outras plataformas (CERMI e Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia) a través da actuación coordinada e propostas conxuntas, en especial no eido de establecer demandas conxuntas para o desenvolvemento dos Fondos Estruturais, que se detalla no apartado seguinte.

A idea desta Lei é que regule a cooperación e colaboración na execución de políticas de intervención social e asegure un diálogo civil que facilite a gobernanza e a loita contra a pobreza e a exclusión social.

OBSERVATORIO ACCIÓN VOLUNTARIA E ESTRATEXIA DE ACCIÓN VOLUNTARIA DE GALICIA 2022-2027. CONGRESO GALEGO DE VOLUNTARIADO



A implicación no eido do fomento do voluntariado centrouse na participación no Observatorio de Acción voluntaria, na implicación na construción da Estratexia de Acción Voluntaria de Galicia ou mesmo na participación no xurado dos Premios de Acción Voluntaria.

Fixose tamén unha ponencia e participación intensiva no Congreso Galego de Voluntariado (Sober 25.06)

GRUPO AD HOC CONVOCATORIA IRPF

A EAPN Galicia realiza tódolos anos unha análise das convocatorias de subvencións para a realización de programas con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF. Co obxectivo de detectar aqueles aspectos suxeitos a mellora no relativo á convocatoria promovida pola Consellería de Política Social, creouse un grupo



formado por profesionais das entidades membro de EAPN Galicia. Froito das reunións realizadas neste 2022, elaborouse un documento

que foi presentado á Consellería de Política Social, onde se reclamou principalmente

a necesidade de unificar nunha única convocatoria de subvencións o reparto de estes fondos para a realización de programas de interese xeral por entidades privadas sen ánimo de lucro

GRUPO AD HOC CONVOCATORIA INCLUSIÓN 2022/2023

A EAPN Galicia realiza bianualmente unha análise das subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social. Co obxectivo de detectar aqueles aspectos suxeitos a mellora no relativo á convocatoria promovida pola Consellería de Política Social, creouse un grupo formado por profesionais das entidades membro de EAPN Galicia.

Froito das reunións realizadas neste 2022, elaborouse tamén un documento que foi presentado á Consellería de Política Social, onde se reclamou principalmente a necesidade dun aumento do orzamento por partidas e ampliación do prazo de xustificación.

ACTUALIZACIÓN WEB EAPN. ADAPTACIÓN A REDES SOCIAIS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL

Para mellorar o acceso á información dispoñible na páxina web de EAPN Galicia, procedeuse a realizar unha actualización, tanto no seu contido como na súa imaxe. Realizouse unha simplificación da páxina principal, para facer máis sinxela a súa navegación, así como un plan de reestruturación máis profundo da mesma, que se levará a cabo no vindeiro 2023 aínda que o proceso de deseño xa comezou este proceso durante o 2022.

Durante o 2022 realizouse tamén un traballo de formación interna e de planificación da estratexia de transformación dixital da entidade, xunto coa Fundación Esplai, que será desenvolvido durante o 2023. No marco desta estratexia se fixo a transición ao Office 365 (consequindo que sexa facilitado de xeito gratuito) e a ferramentas como One Drive, Teams e Microsoft To Do.

MÁIS INFO

www.pobreza.gal

[@EAPNGalicia](https://twitter.com/EAPNGalicia) en Twitter

[EAPN Galicia](#) e [EnRedeSocial](#) en Facebook

[EAPN Galicia](#) en LinkedIn

[Subscríbete a En Rede Social](#) e súmate ás 1400 persoas que xa reciben cada quince días o boletín de referencia do Terceiro Sector Social galego.

